

## A CRISE QUE A PAGUE O CAPITAL !!!

Baixo este lema, a CIG estivo mobilizándose a carón da clase traballadora, dende novembro do 2008. Xa dixemos daquela que é totalmente inxusto desviar recursos públicos para o sistema financeiro causante da situación. A postura conformista e pasiva dos sindicatos pactistas en todo este tempo seguramente ten favorecido a posición do goberno nesta crise: atacar directamente á clase traballadora deixando intactos os privilexios das grandes fortunas e do capital.

Se non fose abondo todo o que nos roubaron, para alimentar o sistema financeiro causante da situación, agora veñen con todas estas medidas. Esquecen que para recortar o déficit non hai porqué recortar o gasto social, tamén se pode facer aumentando os ingresos, recursos que teñen que vir dos que nestes tempos amasaron grandes fortunas, a costa moitas veces da tan cacarexada moderación salarial.

Dende a CIG apostamos por unha contrarreforma do sistema de fiscalización. Nos últimos anos derivouse cara un modelo de fiscalidade claramente regresivo, incrementando os impostos indirectos, que son os que pagamos todos independentemente dos ingresos, fronte aos directos. Cómpre recuperar a progresividade do sistema fiscal e que se eliminen os impostos indirectos sobre aqueles produtos básicos que consumen maioritariamente as familias incrementando, pola contra, os dos produtos de luxo. Xunto a isto, esiximos que se persiga a fraude fiscal e que se remate cos paraísos fiscais, onde as multinacionais e as grandes fortunas evaden impostos, deste xeito incrementaríanse os recursos públicos.

O que agora vai contra os traballadores e traballadoras do sector público acabará tamén indo contra todos os demais. O capital e a patronal non se darán por satisfeitos con estes recortes e de seguro pedirán máis, é fundamental concienciarnos e buscar a unidade para actuar na defensa da clase traballadora se non queremos que a factura se nos pase só a nós.

Erraríamos os traballadores e traballadoras de Telefónica se pensásemos que isto non vai con nós, esta empresa é experta en mudar de discurso como lle convén: cando fala cos accionistas explica que ten por diante unha grande oportunidade pero cando se dirixe ao cadro de persoal pide esforzos para adaptarnos á nova situación. Tamén sabemos como reparte os beneficios: con incrementos no reparto dos dividendos e nos salarios dos directivos e recortes para o conxunto dos traballadores, así pois non queda outra que prepararse para a mobilización se non queremos pagar tamén nós a factura na Telefónica.



## A orixe da ledicia e a tristura

**A orixe.** Estamos ante unha crise global de sobreproducción porque o capitalismo impulsa o crecemento continuado da produción cunha man, mentres coa outra asfixia o crecemento dos salarios e a capacidade de compra dos traballadores. Cando o desaxuste é inevitábel busca recursos crediticios para atrasar a bancarrota, mais esta chega pola incapacidade de equilibrar produción e compra.

Diciámolo no boletín nº 15 de xaneiro de 2008, citando a E. Galeano: "*Por moito que cada cidadán merque, será sempre pouco en relación ao moito que se necesita vender*". Velaí a contradición entre a obsesión de consumir, que require salarios cada vez máis altos, e a obriga de competir, que esixe salarios cada vez máis baixos.

Aínda que a crise é global, a española ten as súas características propias: a causa principal é a especulación na vivenda que **EN 10 ANOS DUPLICOU** o seu prezo.



Realmente o problema que sacude a economía do estado español é o esgotamento dun modelo de crecemento baseado na construción, na especulación e no sobreendementamento e que, na súa agonía, está provocando o incremento do desemprego ata niveis descoñecidos nos últimos quince anos coas conseguíntes repercusións sobre as condicións de vida dunha gran parte da poboación.


Un informe da OCDE publicado no ano 2007 alertaba que o Estado español era o único dos 27 países economicamente máis desenvolvidos no que se deu un descenso no salario promedio no período 1995-2005. Mentres no conxunto dos países o salario medra, no Estado español perde un 4% de poder adquisitivo no período 1995-2005, pola contra, os beneficios das empresas medran neste período o 73%, case o dobre do que se incrementa de media no zona euro (36.6%).

### **A pauta de distribución da renda en España, segue deteriorándose para os salarios!**

| Porcentaje de la remuneración de los asalariados sobre el Producto Interior Bruto (a precios de mercado y corrientes de cada año) |              |              |              |              |              |              |              |              |              |              |              |
|---|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| IV Trim 1995  | IV Trim 1996 | IV Trim 1997 | IV Trim 1998 | IV Trim 1999 | IV Trim 2000 | IV Trim 2001 | IV Trim 2002 | IV Trim 2003 | IV Trim 2004 | IV Trim 2005 | IV Trim 2006 |
| 49,94   | 50,61        | 50,41        | 49,98        | 50,84        | 51,11        | 50,90        | 49,97        | 49,46        | 48,74        | 48,16        | 47,70        |
| Variación en puntos porcentuales respecto al año anterior del porcentaje anterior   |              |              |              |              |              |              |              |              |              |              |              |
| IV Trim 1995  | IV Trim 1996 | IV Trim 1997 | IV Trim 1998 | IV Trim 1999 | IV Trim 2000 | IV Trim 2001 | IV Trim 2002 | IV Trim 2003 | IV Trim 2004 | IV Trim 2005 | IV Trim 2006 |
|   | +0,67        | -0,20        | -0,43        | -0,86        | +0,27        | -0,21        | -0,93        | -0,51        | -0,72        | -0,58        | -0,46        |

É normal que isto suceda cando se seguen mantendo políticas fiscais cada vez máis regresivas e cando se favorece que as grandes empresas obteñan cada vez máis beneficios a costa do control salarial e do traballo precario. Unha circunstancia que, entre outras cousas, evidencia que a distribución da renda, a cada paso máis desfavorábel para os traballadores, ten principalmente que ver coa perda de poder de negociación e coa súa desmobilización política, social e sindical.

Así a cousa o consumo foi baseándose no endebedamento das familias, que alcanza unhas cotas nunca vistas anteriormente



Fuente: Barómetro Social de España, 2008. Colectivo IOE. Datos de Contabilidad Nacional de España.

## A ledicia

O Banco Santander gaña no ano 2008 9.060 millóns, Telefónica 7.592 millóns, O BBVA 6.126 millóns, Repsol 3.188 millóns, Iberdrola 2.353 millóns, Inditex 1.253 millóns, Endesa 2.675 millóns, ACS, 1.010 millóns...

Os bancos e caixas españois incrementan o 30,5% nas súas ganancias, ata os 25.707 millóns de euros.

Ao tempo Facenda abre a man para reparar capitais non declarados sen chegar á amnistía fiscal pero PERMITE A PRESCRIPCIÓN DO DELITO en troques de que se tribute polos intereses.

*"A recesión económica acabou. A economía volve crecer",* dixo o conselleiro delegado de Forbes, para xustificar como este ano hai 91 persoas con máis de mil millóns de dólares, 100 máis que o ano pasado.

## A tristura

Redución do salario dos funcionarios nun 5%, suspender a revalorización das pensións, eliminar o réxime transitorio para a xubilación parcial previsto na Lei 40/2007.

Eliminar o 'cheque bebe' de 2.500 euros a partir de 2011, supresión dos 400 euros no IRPF, reducir gastos de farmacia mediante unha revisión dos prezos dos medicamentos.

As solicitudes de dependencia resolveranse en 6 meses e elimínase a retroactividade. Redución de 600 millóns de Axuda ao Desenvolvemento.

Redución de 6.045 millóns de investimento público. Suba do IVE, o reducido pasa do 7% ao 8% e o xeral pasa do 16% ao 18%.

**Reforma laboral en portas..**

**Eduardo Galeano:** a explosión do consumo no mundo actual mete mais ruído que tódalas guerras e arma mais barullo que tódolos carnavais. Como di un proverbio turco, quen bebe a conta, emborrachase o dobre. A parranda atorde e nubra a mirada, esta gran borracheira universal parecía non ter fin porque a cultura do consumo brúa moito, como o tambor, porque está valeira, mais á hora da verdade cando se acaba a festa, o borracho esperta so, acompañado pola súa sombra e polos pratos rotos que hai que pagar.

**Vicenç Navarro:** a percepción de que as pensións públicas de xubilación son excesivas é profundamente erróneo. España gastouse en 2005 nestas pensións públicas de xubilación só o 6,9% do PIB, unha das porcentaxes máis baixas da UE-15, cuxo gasto medio en tal tipo de pensións públicas é o 9,4% do PIB.

**O dato:** os dividendos por accións cotizan a un máximo do 19% ou sexa que un accionista que gañe 1 millón de € tributa un 19 %. O incremento de patrimonio por venda de accións tributa a un máximo do 21 %, gañe o que gañe coa operación.

Canto tributamos como traballadores os telefónicos ?. É xusto que tributen máis as rendas do traballo que as do capital ?. Porqué se recorta o gasto social en troques de aumentar os impostos sobre rendas como as do capital ?. É esta unha política de esquerdas ?



## E para rematar... Plan de Pensións - Asemblea na Coruña

Con todos os recortes que nos caerán, sobre todo aos que se xubilen, teremos que tirar do Plan de pensións, todos e todas sabemos como vai... Para explicarnos a situación do noso Plan de Pensións celebrouse unha asemblea na Coruña o pasado 11 de maio, acto no que estivo presente un membro da Comisión de Control, os que puidemos asistir sacamos varias cousas en claro:

- Máis que asembleas son actos propagandísticos para convencer aos beneficiarios de que manteñan os cartos no Plan e estean tranquilos, como os traballadores non temos esa opción nin contamos nin quixerón contar con nós.
- O "membro" da Comisión de Control "controla" mais ben pouco, non soubo dar resposta a varias preguntas relacionadas coas inversións que fai a xestora o que mostra con claridade que tipo de "control" poden facer. Iso si a Comisión de Control tivo no 2009 uns gastos de 416.109 €, con estes gastos algo deberían controlar.
- Tamén quedou claro que na xestora Telefónica ten o 70% da sociedade co cal mantén o control absoluto pero hai que recoñecer que o 30% de CCOO e UGT é moi boa cousa (para eles) pois dálles perto de 3 Millóns de euros !!!
- Nunha intervención tivemos que recordarlle dende a CIG ao "membro" que o Plan de Pensións é propiedade dos partícipes e beneficiarios e como tal temos que defender o noso dereito a participar del a través de eleccións á Comisión de Control, isto non lle gustou nada.